

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE A EPE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTECESO PARA A CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DO PORTO DE CORME, ASÍ COMO DAS INSTALACIÓNS DE SERVIZOS E ZONAS DE ESPARCIMENTO NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO DE CORME.

O Director de Portos de Galicia ao abeiro do artigo 15 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia declara e formula a seguinte memoria en intención de formalizar co Concello de Ponteceso, o convenio arriba referenciado, por un período vixencia polo período de tempo de quince anos e que poderá ser obxecto de prórroga, salvo denuncia deste por parte de algunha das administracións afectadas, antes da súa finalización. O instrumento convencionado ten o obxecto e razóns que se expoñen de continuación.

1. Antecedentes e razóns de oportunidade

A entidade pública empresarial Portos de Galicia, conforme aos artigos 1, 2 e 4 da súa lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia, ten entre os seus obxectivos básicos, o fomento das actividades comerciais e industriais relacionadas co tráfico portuario, a integración dos portos no entorno municipal e social dinamizando a actividade portuaria e cultura do mar, e en xeral o fomento da actividade económica no eido dos portos en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

Pola configuración xeográfica dos nosos portos chegan a mesturarse os usos portuarios e os servizos prestados aos nosos usuarios profesionais cos servizos que se prestan á cidadanía en xeral e moitas das redes de servizos e as instalacións a eles dedicadas dan resposta a ambas necesidades. Son exemplos claros as redes de saneamento (tanto de pluviais como de fecais) ademais das instalacións de tratamento relacionadas.

Por todo isto é básico dispoñer de información suficiente do discurrir das canalizacións que conforman estas redes así como da configuración dos seus elementos e instalación asociadas e dispoñer de ferramentas de mantemento e control que permitan una xestión eficiente das mesmas. Así mesmo requírese que a asignación de medios e funcións sobre os espazos se regulen dun modo claro e concreto.

No ano 2003 Portos de Galicia levou a cabo unha importante actuación de remodelación integral das instalacións portuaria e da fachada marítima desta vila mariñeira, co fin de rexenerar e conservar, tanto a fachada marítima coma as propias instalacións portuarias.

Froito desta actuación, así coma das zonas verdes e espazos de espaxamento xa existentes; Corme e o seu porto, teñen unha configuración na que existen uns espazos de clara integración no núcleo urbano e destinados ó disfrute e espaxamento de veciños e visitantes desta vila, claramente diferenciados dos espazos estritamente portuarios; nunha zona de interconexión do porto co núcleo de poboación, servindo así de solución de continuidade entre a poboación e o porto cun uso fundamentalmente aberto ó público.

Por outra banda, pola configuración xeográfica do porto de Corme, mestúranse os usos portuarios e os servizos prestados aos nosos usuarios profesionais cos servizos que se prestan á cidadanía en xeral, polo que moitas das redes de servizos e as instalacións a eles dedicadas dan resposta a ambas necesidades. Son exemplos claros as redes de saneamento





(tanto de pluviais como de fecais) ademais das instalacións de tratamento relacionadas, así coma as redes de abastecemento de auga potable e alumado público.

Trala solicitude do Concello de Ponteceso de data 11-02-2022 de autorización para a realización da actuación "Dotación de redes separativas de saneamento na rúa Xeneral Mourelle e outros (Corme Porto)"; considérase que a figura mais axeitada para regular esta actuación e os usos descritos é a do establecemento dun convenio de colaboración asinado entre a EPE Portos de Galicia e o Concello de Ponteceso, para a conservación e mantemento dos espazos de urbanización, espaxamento e integración porto-cidade; destinados esencialmente ao disfrute da cidadanía.

No que respecta ós elementos, non estritamente portuarios e que, polo tanto, correspondería manter e conservar ó Concello de Ponteceso, serían:

- Elementos de urbanización e mobiliario urbano sito no ámbito de actuación do convenio: varandas, bancos, luminarias, papeleiras, bolidos, esculturas, etc
- Pavimentos e explanadas, e os seus complementos: arquetas, reixiñas, etc
- Xardinería, plantas, e outros elementos vexetais
- Redes de servizos municipais: abastecemento, saneamento (incluíndo as súas instalacións, tales como tanques de tormentas e bombeos), pluviais e eléctricas e telecomunicacións: incluíndo tanto a conservación e mantemento das citadas liñas coma os consumos eléctricos ou de auga que, de ser o caso, se produzan.

. En particular ten interese en mellorar a eficiencia enerxética das instalacións de tratamento de augas residuais.

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto do presente convenio é o establecemento das bases de colaboración entre Portos de Galicia e o Concello de Ponteceso para a conservación e mantemento das obras de remodelación do porto de Corme, así como das instalacións de servizos e zonas de espacemento no dominio público portuario de Corme, obras de saneamento e para a execución das obras do proxecto de "Dotación de redes separativas de saneamento na rúa Xeneral Mourelle e outros (Corme Porto)", redactado polo ICCP Pablo Blanco Ferreiro en xaneiro de 2022

O Concello de Ponteceso comprométese a execución das obras do proxecto de Dotación de redes separativas de saneamento na rúa Xeneral Mourelle e outros (Corme Porto)" por un orzamento de 234.736,73 euros e con cargo a anualidade 2023 Expedir todos os permisos e autorizacións que fosen necesarios para a execución das obras, sen tributo, prezo ou exención reguladora algunha contra portos de Galicia, Administración Autonómica.

Financiación de parte das obras relativas, entre outras, a servizos municipais e definidas tecnicamente no proxecto , segundo o seguinte cadro e anualidades:





IMPORTES	TOTAL COMPROMISOS	ANUALIDAD
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN SEN IVE	193.996,46 €	2023
IVE	40.739,26 €	
TOTAL IVE INCLUÍDO	234.735,73 €	

A propiedade de cantas obras e elementos de todo tipo se incorporen ás instalacións obxecto deste convenio na parte en que son executadas en dominio público portuario, corresponderá a Portos de Galicia, gratuitamente e libre de cargas e gravames, quedando estas, de pleno dereito e por efecto directo deste convenio, incorporadas ao tal dominio público portuario de Corme.

→ **MANTEMENTO VIARIO E DO ENTORNO DO MESMO**

- No que respecta ós elementos, non estritamente portuarios e que, polo tanto, correspondería manter e conservar ó Concello de Ponteceso, estánonos a referir a:
- Elementos de urbanización e mobiliario urbano sito no ámbito de actuación do convenio: varandas, bancos, luminarias, papeleiras, bolardos, esculturas, etc
- Pavimentos e explanadas, e os seus complementos: arquetas, reixiñas, etc
- Xardinería, plantas, e outros elementos vexetais
- Redes de servizos municipais: abastecemento, saneamento (incluíndo as súas instalacións, tales como tanques de tormentas, bombeos, etc.),, pluviais e eléctricas: e telecomunicacións incluíndo tanto a conservación e mantemento das citadas liñas coma os consumos eléctricos ou de auga que, de se-lo caso, se produzan a demanda municipal.
- Recollida de residuos.

→ No relativo as redes de servizos de **ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO**:

- Unha vez rematadas as obras, o concello incorporará como Anexo III deste convenio que se integrará como parte obrigacional deste, a información detallada das canalizacións así como os elementos e instalacións ou puntos singulares que conforman cada rede de servizo municipal en chan portuario. En particular aporta:
 - Un listado a modo de inventario con indicación dos parámetros principais: (1) localizacións en coordenadas UTM incorporables a GIS do comezo e finalización dos tramos, conexións e elementos singulares (rexistros, puntos de vertido, cadros, etc.), (2) lonxitudes, (3) seccións, (4)





materiais, e (5) outros parámetros que caractericen a rede como a súa capacidade (5a) e as acometidas existentes (5b).

- Representación gráfica en plano .dwg editable dos elementos inventariados.
- ORDENANZAS DE SERVICIOS E NORMAS RELACIONADAS: reguladoras relacionadas cas prestacións dos servicios detallados neste convenio. Adicionalmente indicárase se o/s servicio/s se presta/n por xestión directa ou por terceiros en virtude de contrato administrativo.
- No caso das instalacións de alumeados, remitirase copia do boletín e do contrato de subministro formalizado para garantir o pago dos consumos propios.
- ACTUALIZACIÓN DA INFORMACIÓN: o Anexo III deberán ser actualizados cada vez que unha modificación o requira. Será o Concello o que teña a obriga de remitir dita actualización xunto coa solicitude de modificación que quedará incorporada ao presente convenio.
- MANTEMENTO E GARANTÍA DE SERVICIO: O Concello asume o mantemento ordinario e extraordinario da totalidade da rede da súa titularidade así como da parte que discorra por zona portuaria e xestionará as avarias que se poidan producir nela, obrigándose á reparalas nos prazos establecidos nas súas ordenanzas. Calquera actuación deberá ser comunicada previamente á xefatura de zona de Portos de Galicia para a súa autorización. Débese acordar pola comisión de seguimento do convenio, que dará traslado para a súa aprobación polos órganos competentes. As ditas actuacións, en todo caso, implicarán a actualización do inventario do anexo I. De ser preciso unha intervención de urxencia a dita comunicación extemporánea deberá acreditarse de xeito suficiente.
- PERMISOS: O Concello é responsable de tódolos permisos relacionados coa prestación do servicio obxecto de convenio, en particular de tódalas tramitacións relacionadas con puntos de vertido, control de calidade das augas ou legalización sectorial das redes e instalación ante os órganos competentes. Así como as autorizacións sectoriais en materia de medio ambiente e patrimonio cultural, no seu caso.
- TRAMITACIÓN DE ENGANCHE Á REDE
 - O Concello (ou no seu caso a empresa xestora do Servizo) no marco das súas competencias será o responsable da tramitación das autorizacións de enganche ás redes que reciban dos particulares, sen prexuízo da execución da actuación que se detalla no punto 7.
 - As solicitudes que poida recibir Portos de Galicia que non proveñan do mesmo Concello ou de persoa xurídica subrogada na súa posición non serán admitidas e serán devoltas ao usuario non portuario.
 - Se a necesidade de enganche ou acometida provira dun usuario portuario, Portos de Galicia poderá decidir de xeito alternativo remitila ao Concello para a súa tramitación ou autorizar o dito enganche,





incorporándoo ao correspondente título administrativo de titularidade do solicitante, de por si coa soa comunicación ao Concello de dita actuación, sendo neste caso Portos de Galicia o responsable da actualización do inventario e dos planos.

▪ **EXECUCIÓN DE ACOMETIDAS:**

- O Concello ou a persoa xurídica que actúe pola súa conta en virtude de contrato administrativo será o responsable da execución das obras autorizadas por Portos de Galicia. Para a execución das acometidas solicitadas por particulares debера achegar o formulario descritivo da actuación, que poderá aglutinar varias acometidas a realizar sobre a mesma rede.
- As canalizacións executaranse de acordo ás directrices indicadas por Portos de Galicia e se reporán cos pavimentos anteriores no seu defecto ou segundo o indicado en cada autorización particular de obra, en función da tipoloxía do pavimento/s existente/s.
- Se a execución das obras se realizara mediante contrato administrativo, o Concello debера estipular no prego reitor do contrato que a garantía definitiva do contratista responderá tamén dos danos e prexuízos que a execución das obras poida causarlle a Portos de Galicia
- En ningún caso poderá ser executada a acometida por un particular.

- **CIRCUNSTANCIAS EXTRAORDINARIAS:** Se por circunstancias extraordinarias Portos de Galicia considerase necesarias actuacións sobre as redes de servizos ou os propios servizos, reclamará ao Concello a adopción de medidas urxentes. Se estas non foran tomadas en prazo razoable, en todo caso superior a 10 días, poderá Portos de Galicia executalas por si mesmo e reclamar ao Concello os gastos incorridos.

▪ **REDE DE SANEAMENTO:**

- **S1. PARÁMETROS DE ENTRADA:** O Concello garantirá que os caudais incorporados á rede de saneamento cumpran cos parámetros establecidos na lexislación de augas e vertidos.
- **S2. PARÁMETROS DE VERTEDEURA E PUNTO DE VERTEDEURA:** O Concello garantirá que os caudais vertidos ás augas cumpran cos parámetros establecidos na lexislación de augas e verteduras. Os puntos de vertedura estarán localizados e debidamente legalizados ante o organismo de conca competente.
- **S3. ATENCIÓN A VERTEDEURAS:** O Concello responderá cos seus medios e á maior brevidade ante calquera vertedura que se produza con orixe a súa rede.

▪ **REDE DE ABASTECIMENTO:**

- **A1. CAUDÁIS E CONDICIÓN SANITARIAS:** O Concello garantirá que os caudais subministrados cumpran cos parámetros establecidos na lexislación de augas e sanitaria. En particular viviará as condicións sanitarias dos puntos de captación empregados.





- **A2. REPARACIÓN DE FUGAS:** O Concello responderá cos seus medios e á maior brevidade ante calquera fuga que poida comprometer o subministro dos usuarios ou a operativa portuaria.

Portos de Galicia autoriza a execución das obras do proxecto de "Dotación de redes separativas de saneamento na rúa Xeneral Mourelle e outros (Corme Porto)", redactado polo ICCP Pablo Blanco Ferreiro en xaneiro de 2022

Portos de Galicia autoriza ao concello de Ponteceso a intervención nos terreos de dominio público portuario obxecto do presente acordo segundo os planos anexo e para os fins dispostos de prestacións de servizos urbanos, habilitando ao Concello para a xestión ordinaria das instalacións en chan portuario sen prexuízo da necesidade de comunicación das tarefas ordinarias e a autorización portuaria para as que impliquen obras ou modificacións así coma as que poidan supoñer interferencias para a operativa portuaria. Portos de Galicia comprométese a dar preferencia ás necesidades de servizo das redes e dar resposta no prazo inferior a 2 meses das solicitudes presentadas polo Concello, a contar dende que se produza o acordo da comisión de seguimento do convenio.

Autoriza ao concello de Ponteceso para o mantemento integral do viario integrado na trama urbana, así coma das superficies de espaxamento, varandas, redes de servizos, indicados nos planos que se acompañan e que definen o ámbito de aplicación do presente convenio, sen que esta autorización implique a perda das facultades de xestión e explotación vencelladas aos fins de Portos de Galicia nin supón un cambio de titularidade ou cualificación xurídica dos bens e terreos portuarios.

Comprometese a autorizar ao concello á instalación de contedores estancos de residuos para a posterior xestión dos mesmos polo concello.

A intervención do Concello na recollida de residuos

Nin as anteriores autorizacións, nin os pactos e as obrigas estipuladas neste convenio supoñen alteración da titularidade o cualificación xurídica dos bens e dereitos portuarios afectados nin da súa xestión e explotación, vinculados aos fins portuarios, manténdose a prevalencia da competencia portuaria.

A adscrición acadará plena eficacia co levantamento da acta de comprobación do reformulo das obras co contratista conforme ao artigo 236 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público. Para tal efecto, a dito acto comparecerá un representante do Concello de Ponteceso e outro de Portos de Galicia. As obras executadas en DPP quedaran da titularidade de Portos de Galicia, libres de cargas e gravames.

No caso de que en virtude deste convenio, sexa preciso dispor de terreos de titularidade municipal, para o cumprimento do obxecto deste convenio, estes quedaran afectados obxectivamente as finalidades deste convenio, que acepta a adscrición, quedarán afectados ao servizo municipal e portuario integrados de pleno dereito e en concepto de titular subxectivo dos bens (mutación subxectiva) no patrimonio propio de Portos de Galicia, ao abeiro do previsto nos artigos 71 e concordantes da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das Administracións Públicas e de conformidade coa normativa de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e 23 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia.





A adscrición acadará plena eficacia co levantamento da acta de comprobación do replanteo das obras co contratista conforme ao artigo 236 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público. Para tal efecto, a dito acto comparecerá un representante do Concello de Ponteceso e outro de Portos de Galicia. As obras executadas en DPP quedaran da titularidade de Portos de Galicia, libres de cargas e gravames.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido. Todas as circunstancias expresadas determinan, a xuízo deste órgano de xestión, que é procedente autorizar, mediante un convenio de colaboración, as actuacións descritas a realizar no ámbito da zona do porto de Corme.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

O presente convenio non supón achega económica por parte de Portos de Galicia, polo que a sinatura deste convenio, non se atopa nalgún dos supostos de necesidade de autorización previa do Consello da Xunta, isto é que se trate de gastos plurianuais ou obrigas económicas para a Facenda autonómica superiores a 150.000,00 euros, conforme á Disposición adicional segunda. Autorización de convenios da Lei 1/2016 do 15 de febreiro, de transparencia e bo goberno.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

O Director

Roi Fernández Añón

